

OBXECTO

Regular o fomento das agrupacións de propietarios forestais mediante a constitución de sociedades mercantís de responsabilidade limitada segundo os requisitos determinados neste decreto (**Sociedades de Fomento Forestal**), coa finalidade de:

- Fomentar a xestión conxunta do monte, dos aproveitamentos forestais e da comercialización das producións
- Dar protagonismo aos propietarios forestais para acadar rendibilidade e consolidar a propiedade forestal
- Posibilitar a xestión forestal sustentable e a ordenación do monte
- Reducir o abandono do monte en Galicia.

NOTA: defínese *Sociedade de Responsabilidade Limitada* (SRL) ou *Sociedade Limitada* (SL) á sociedade mercantil na que a responsabilidade está limitada ao capital aportado e, polo tanto, no caso de que existir débedas, non se responde co patrimonio persoal dos socios. Dito capital estará dividido en participacións sociais, intergrándose polas aportacións de todos os socios.

DEFINICIÓN

Serán **Sociedades de Fomento Forestal** aquelas agrupacións de propietarios forestais ou titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal que cedan tales dereitos á sociedade. Estas sociedades tamén poderán incluír outras persoas físicas ou xurídicas que, non sendo titulares de dereitos de uso de parcelas, a súa participación non supera o 49% das participacións sociais.

Os requisitos para a súa constituición serán:

- Ter forma xurídica de *Sociedade de Responsabilidade Limitada* (Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital)
- Ter domicilio fiscal e social en Galicia
- Acreditar o cumprimento dos requisitos citados no seguinte punto
- Inscribirse no Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal.

O obxecto social único destas sociedades será a **explotación e aproveitamento en común de terreos forestais** cuxos dereitos de uso foron cedidos á sociedade.

NOTA: enténdese por *parcelas susceptibles de aproveitamento forestal* aquelas que, aínda non formando parte dos terreos forestais, sexan susceptibles de albergar producións forestais recollidas especificamente no seu instrumento de xestión forestal, de acordo co ordenamento xurídico.

REQUISITOS

A **superficie forestal mínima** a xestionar conxuntamente nunha sociedade estará incluída nun mesmo municipio ou municipios estremeiros:

- **Plantacións forestais de froito:** 15 ha
- **Plantacións de frondosas caducifolias ou masas preexistentes de frondosas autóctonas:** 25 ha
- **Outras plantacións ou aproveitamentos forestais:** 50 ha.

A superficie forestal xestionada pola sociedade poderá estar formada por un máximo de **3 unidades de superficie en couto redondo**:

- A extensión mínima de cada unidade equivalerá ao 25% da superficie mínima precisa para a constituición da sociedade
- Poderán incluír ata un 30% de superficie en **encravados**, non computándose na superficie mínima precisa para a formación da sociedade
- Non estarán interrompidas por límites naturais (ríos, lago, etc.), artificiais (estradas, etc.) nin administrativos (concellos, provincias, etc.).

As sociedades deberán dispor dun **instrumento de xestión forestal** aprobado pola Dirección Xeral de Montes, sendo a súa aplicación de obrigado cumprimento durante o seu período de vixencia (proxectos de ordenación de montes arborados, plans dasocráticos, plans técnicos e outras figuras equivalentes (Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes).

CAPITAL SOCIAL

Terá a **condición de socio** calquera persoa física ou xurídica, con independencia de ter propiedade forestal ou non:

- A participación social por socio non representará máis dun 1/3 do capital social
- A participación social por entidade pública (CC.AA de Galicia, entidades locais ou sociedades públicas participadas por calquera de tales institucións) ou asociación sen ánimo de lucro poderá representar 1/3 do capital social, sen acadar o 49% do mesmo.

As participacións sociais serán diferenciadas no correspondente libro de socios atendendo a súa condición de *socio capitalista (clase xeral)* ou *socio propietario forestal/ socio titular de dereito de uso de parcelas (clase forestal)*. A maioría de dereitos de voto recaerán nos socios da clase forestal.

Nas parcelas forestais en que exista **valor forestal en voo** será necesario o recoñecemento dos dereitos económicos sobre eles da persoa socia que realiza a cesión de uso das citadas parcelas.

CESIÓN DE DEREITOS DE USO E APROVEITAMENTO FORESTAL

A cesión de dereitos de uso e aproveitamento forestal á sociedade realizarase por prazo indefinido ou determinado, sendo a **duración mínima 25 anos**.

A cesión poderá articularse:

- A través de achegas non en diñeiro ao capital social: valor dos dereitos de uso como achega ao capital social

- A través de prestacións accesorias.

No momento de constitución da sociedade, ou da posterior cesión a esta dos dereitos de uso sobre parcelas forestais, as persoas socias poderán pactar libremente a valoración dos citados dereitos de aproveitamento forestal, sendo o acordo totalmente válido.

ESTATUTOS SOCIAIS

Os estatutos sociais da sociedade regularán:

- O réxime de obras, melloras e servidumes nas parcelas forestais en cesión necesarias segundo o indicado no instrumento de planificación forestal, incluído o réxime de indemnizacións. Ditos estatutos establecerán que, no caso de que a persoa socia cedente do dereito de uso teña titularidade suficiente para autorizar a modificación, non poderá oponerse á realización da obra, mellora ou servidumbre
- O réxime de transmisión das participacións socias por actos *inter vivos* e os dereitos de adquisición preferente. Durante o período obrigatorio de permanencia dos dereitos na sociedade, estes non se verán afectados pola transmisión das participacións sociais de calquera socio a terceiras persoas non socias. Fixarase obxectivamente unha valoración das participacións sociais obxecto de transmisión e o exercicio do dereito de adquisición preferente sobre elas, favorecendo a outros titulares da clase forestal. Poderase establecer a posibilidade dunha opción de compra preferente sobre os terreos a favor da sociedade e, no seu defecto, de calquera dos seus socios
- O acceso de novos socios á sociedade, analizando o interese da súa inclusión, a súa achega ao capital social e, de ser o caso, a subscripción dunha prima de emisión
- O réxime de convocatoria e funcionamento da xunta xeral. A pluralidade de dereitos de voto na xunta xeral estará relacionada co valor dos dereitos de uso cedidos por cada participación social. O réxime de maiorías cualificadas para adoptar determinados acordos establecerase nos propios estatutos sociais, se ben se requerirá un mínimo do 85% dos votos para a disolución da sociedade ou a súa baixa do Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal.

ÓRGANO DE ADMINISTRACIÓN

A administración da sociedade será encomendada a un consello de administración composto por un número impar de persoas fixadas pola xunta xeral (mínimo 3, máximo 7), sendo cargos de carácter gratuito. Os estatutos sociais establecerán:

- A non necesidade de ter a condición de persoa socia para ser nomeada conselleiro pola xunta xeral
- No caso de coexistencia de participacións sociais das clases forestal e xeral no capital social, ambas estarán representadas no consello de administración, determinándose o seu número de conselleiros
- O período limitado de anos para exercer os cargos de conselleiros, podendo ser reelixidos unha ou máis veces por períodos de igual duración
- O número mínimo de reunións anuais do consello e a representación por escrito dun conselleiro noutro para tales reunións.

Poderase admitir o nomeamento dun administrador único sempre que o cargo sexa desempeñado por unha empresa de servizos forestais acreditada (solvencia e capacitación)

DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS

Os estatutos sociais determinarán os dereitos económicos das participacións sociais nos beneficios da sociedade, indicando a obrigatoriedade de que, en caso de resultados positivos, se proceda á distribución fixada dun dividendo mínimo.

INFORMACIÓN PERIÓDICA

Unha vez cualificada a sociedade como Sociedade de Fomento Forestal e inscrita definitivamente no Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal, esta tera as seguintes obrigas:

- Presentar un instrumento de planificación da xestión forestal no prazo máximo de 2 anos dende a inscrición
- Notificar calquer tipo de modificación de estatutos ou de cambios no capital social no prazo máximo de 3 meses desde a súa realización
- Aportar calquer tipo de información solicitada polo encargado do rexistro no prazo máximo de 30 días desde a súa notificación
- Certificación emitida polo órgano de administración da cifra de capital social e das participacións sociais (clases forestal e xeral) ao peche de cada exercicio social
- Superficie forestal xestionada e das unidades de superficie componentes ao peche de cada exercicio social
- Copia das contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogado o Decreto 101/2008, do 30 de abril, polo que se regulan as unidades de xestión forestal en Galicia.

ENTRADA EN VIGOR

Entrada en vigor o día 15 de abril de 2011.